

Exposición

“A Universidade coa empresa”

Do 1 ao 21 de outubro de 2012 nos Cantóns, A Coruña.

Esta exposición contén un resumo dalgúns dos casos de éxito dos grupos de investigación da Universidade da Coruña en materia de transferencia cara ao sector empresarial e liñas de colaboración con gran proxección no futuro.

A canda esta exposición terán lugar unha serie de actividades co obxectivo de contribuír ao fortalecemento da relación entre a UDC e outras empresas do noso contorno e a sociedade en xeral.

ACTIVIDADES PARALELAS

- **Inauguración da exposición**, 2 de outubro, 11:00 h. Auditorio da Fundación Pedro Barrié de la Maza, Cantón Grande, nº 9, A Coruña.

- **Discurshow, "Protón: a fascinante historia dunha partícula inmortal... ou case"**, 6 de outubro, 20:00 h. Auditorio da Fundación Pedro Barrié de la Maza, Cantón Grande, nº 9, A Coruña.

Orixinal actividade de difusión da ciencia dirixida a todos os públicos e protagonizada polo científico e divulgador Xurxo Mariño, profesor da UDC, en colaboración co actor Vicente de Souza. A medio camiño entre a charla e o teatro, consiste nunha conferencia de divulgación teatralizada para transmitir algúns conceptos, ideas ou situacións en relación coa historia do universo, a formación do sistema solar e o planeta Terra.

- **Presentación do Fondo de Emprendedores da Fundación Repsol**, 10 de outubro, 18:00 h. Salón de graos da Facultade de Economía e Empresa, Campus de Elviña, A Coruña.

Presentación deste fondo para promover e apoiar mediante un proceso de incubación o desenvolvemento de proxectos empresariais no campo da eficiencia enerxética.

- **Efervescencia, ciencia para mentes expertas** na Radio Galega, día 13 de outubro, 16:00 h.

Programa da Radio Galega que cada sábado lanza ao aire, ás 4 da tarde, doses de ciencia para todos, informando sobre a actividade dos investigadores e tecnólogos cun ánimo lúdico e, sobre todo, divulgativo.



- **Fórum de colaboración universidade-empresa: Oportunidades de financiamento en I+D a empresas TIC**, día 15 de outubro, 09:30 h. Fundación Pedro Barrié de la Maza, Cantón Grande, nº 9, A Coruña, 4º andar.

Xornada dirixida a persoal investigador e empresas para informar sobre diferentes axudas á investigación e innovación no sector das TIC, así como as posibilidades de colaboración coas diferentes áreas tecnolóxicas co Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC) da Universidade da Coruña.

- **Encontro universidade-empresa: Oportunidades de financiamento en I+D para o sector da enxeñaría**, día 16 de outubro, 10:00 h. Fundación Pedro Barrié de la Maza, Cantón Grande, nº 9, A Coruña, 4º andar.

Xornada dirixida a persoal investigador e empresas para informar sobre diferentes axudas á investigación e innovación no sector da enxeñaría e as posibilidades de colaboración coa Universidade da Coruña.

- **Foro Xuventude en Movemento**, 16-18 de outubro, Facultade de Economía e Empresa, Campus de Elviña, A Coruña.

A vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura, en colaboración con Europe Direct, centro oficial de información da Comisión Europea pertencente á Deputación da Coruña, organiza este foro que se sustenta sobre tres alicerces fundamentais para calquera estudante e/ou titulado/a: formación, emprego e emprendemento. Ademais, completárase con actividades lúdicas e performances.

- **Conferencia “A transferencia e a valorización da investigación como motor do desenvolvemento económico e social”**, día 18 de outubro, 18:00 h. Fundación Pedro Barrié de la Maza, Cantón Grande, nº 9, A Coruña, 4º andar.

Impartida por Antonio Abril Abadín, presidente do Consello Social da Universidade da Coruña, secretario xeral e secretario do Consello de Administración de Inditex S.A.; e Francesc Solé Parellada, vicepresidente da Fundación CYD e director da Unidade de Valorización do Parque Tecnolóxico da Universitat Politècnica de Catalunya.